

Convenio entre a Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación forestal, a Axencia Galega de Calidade Alimentaria (Agacal), a Axencia Galega da Industria Forestal (Xera) e o Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (Inorde) polo que se lle conceden subvencións autonómicas ao Inorde, para a participación activa do Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Ríos no desenvolvemento dun Programa específico de identificación, restauración e promoción da xestión forestal activa e sustentable, durante os anos 2023 e 2024.

Santiago de Compostela, a data da sinatura dixital

REUNIDOS

José Luis Chan Rodríguez, director xeral de Planificación e Ordenación Forestal, en nome e representación da Consellería do Medio Rural, actuando por delegación do seu conselleiro, en función do disposto no artigo 2, punto cuarto, da Orde do 17 de novembro de 2015 de delegación de competencias en diversos órganos da Consellería do Medio Rural, así como das competencias atribuídas no Decreto 223/2022 do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

José Luis Cabarcos Corral, director da Axencia Galega de Calidade Alimentaria (Agacal), actuando en nome e representación desta, segundo o disposto no Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a axencia e se aproban os seus estatutos, que actúa por delegación do seu presidente, de acordo coa Resolución do 24 de abril de 2013, de delegación de competencias da Presidencia na persoa titular da Dirección da Axencia Galega de Calidade Alimentaria (DOG núm. 85 de 3 de maio de 2013).

José González Vázquez, Conselleiro do Medio Rural segundo o Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomea os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 94, do 16 de maio de 2022) polo que se dispón o seu nomeamento, na súa condición de presidente da Axencia Galega da Industria Forestal, en virtude do establecido no artigo 12 do Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a axencia e se aproban os seus estatutos

E Rosendo Luis Fernández Fernández, presidente do Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico e Social (Inorde), elixido polo Pleno da Deputación Provincial de Ourense en sesión celebrada en data 16 de xullo de 2019, e en virtude das facultades que se lle outorgan no artigo 12 dos estatutos deste organismo autónomo administrativo, dependente da Deputación Provincial de Ourense.

Todas as partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente convenio.





EXPOÑEN

No mes de novembro de 2008 inaugurouse o Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós, que ten entre os seus obxectivos facer inventario e tipificación dos soutos da montaña ourensá para mellorar a súa xenética, investigar as enfermidades do castaño e todas as pragas que o ataca, así como favorecer a constitución e xestión de asociacións forestais así como outras actividades en materia de xestión forestal sustentable.

O 1 de abril de 2016 o concello de Riós solicitou ao Inorde a cesión das instalacións do Edificio Centro Agroforestal.

A Comisión Executiva do Inorde na súa sesión do 5 de agosto de 2016 autorizou o concello para o uso do Centro de Desenvolvemento Agroforestal, co fin da xestión de dito centro e a realización das seguintes funcións:

- a) Prestación de servizos de asesoramento técnico aos produtores de castaña, entre outros
- b) Realización de accións formativas.
- c) Seguimento e coordinación das tarefas de cultivo e experimentación desenvolvidas nas parcelas experimentais do Inorde.
- d) Impulso e fomento das diferentes actividades relacionadas coa castaña.
- e) Servir como referencia entidades relacionadas coa produción forestal.
- f) Calquera outra relacionada cos fins propios do Centro.

A autorización concedeuse en exclusiva por un prazo máximo de catro anos, prorrogables por un período de catro máis, por acordo expreso do Inorde. O 15 de abril de 2019 o concello de Riós solicitou prórroga da cesión das instalacións do Edificio Centro Agroforestal de Riós.

A Comisión Executiva do Inorde, na súa sesión extraordinaria do día 12 de marzo de 2020, acordou prorrogar a autorización ata o 30 de maio de 2022, nas mesmas condicións.

O 5 de abril de 2022 o concello solicitou unha nova prórroga ata 31 de decembro dese ano.

Con base nesta cesión, o 19 de xullo do 2022 foi asinado un convenio entre a Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, a Axencia Galega de Calidade Alimentaria e o Concello de Riós para regular a actividade do Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós, con data de vixencia ata o 31 de decembro de 2022.

Unha vez finalizada a prórroga de cesión das instalacións, o 1 de xaneiro do 2023 o Centro de Desenvolvemento Agroforestal do Inorde (anteriormente, Centro Agroforestal de Riós) pasa a reintegrarse de novo na estrutura do instituto. Así mesmo, para asegurar a continuidade e a optimización das funcións do centro e o persoal técnico e administrativo asociado a el (2 técnicos enxeñeiros A2 e un administrativo C1), está previsto que se incorpore tamén á estrutura daquel.





A identificación, restauración e promoción da xestión activa dos soutos, segue a requirir dun especial apoio técnico aos titulares das explotacións, tanto nos aspectos produtivos como de ecoloxía, pragas e doenzas que teñen un complicado manexo e que convén ter vixiadas realizando un seguimento intensivo.

Ao tempo, a aprobación do Decreto 140/2021, do 30 de setembro, polo que se aproba a primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040, cara á neutralidade carbónica, as modificacións da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, e a entrada en vigor da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, establece un novo marco legal que posibilita a xestión activa dos soutos e das masas de frondosas autóctonas e que precisa dun forte impulso especializado para a súa implantación no territorio.

Ademais, o Programa Estratéxico do castiñeiro e da produción de castaña, aprobado polo Consello da Xunta o 25/05/2022, no seu Eixe de intervención 2, Investigación, transferencia e apoio ao sector viveirístico, na súa actuación EI2_3. Canles de comunicación entre administracións públicas, centros de investigación, os viveiros e o tecido empresarial, inclúe o reforzo do labor realizado polo Centro de Desenvolvemento Agroforestal para avanzar cara á caracterización e tipificación dos soutos da montaña que permita mellorar a súa xenética, investigar as enfermidades do castiñeiro e as pragas que o ataca. En particular, fixa como indicador da execución para os anos 2022 a 2025, o mantemento do convenio de colaboración co citado Centro de Desenvolvemento Agroforestal (Ourense).

En todas estas tarefas e indicadores de execución o centro resulta ser unha peza fundamental para o desenvolvemento das actuacións previstas, para os titulares dos soutos e das masas de frondosas autóctonas.

É por estas razóns polas que o Centro de Desenvolvemento Agroforestal do Inorde neste ano ten previsto continuar co desenvolvemento dun programa específico de identificación, restauración e promoción da xestión activa dos soutos tradicionais de castiñeiros, con especial fincapé na promoción de agrupacións de propietarios para a xestión conxunta sobre figuras de base asociativa, civil ou mercantil e na loita contra as doenzas do castiñeiro. Ademais inclúe entre os seus obxectivos promover a xestión activa das masas de frondosas autóctonas.

Por outra parte, de acordo co disposto no artigo 16 do Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural á Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, correspóndelle, dentro das súas competencias:

- O impulso da xestión forestal activa e multifuncional do monte galego, cumprindo cos criterios de sustentabilidade, mediante o fomento, segundo a lexislación vixente, da redacción dos instrumentos de planificación, de ordenación e de xestión forestal e o seu seguimento e control, e a actuación coordinada coa Axencia Galega da Industria Forestal no impulso da actividade económica asociada ao sector forestal.





- O fomento da agrupación e o asociacionismo forestal e desenvolver a figura da silvicultura activa. O apoio á xestión forestal sustentable e a silvicultura, para garantir a obtención das diferentes producións forestais en cantidade e calidade, co fin de fornecer a importancia da contribución do sector forestal galego á bioeconomía e á xeración de emprego sustentable, dun xeito especial, no medio rural.
- Velar polo coñecemento do medio forestal, baseado nunha información estatística actualizada, e promover a divulgación da cultura forestal.
- O desenvolvemento, dentro das súas competencias, das medidas que se consideren oportunas para garantir a protección dos bosques das ameazas bióticas e abióticas, empregando métodos de loita integrada contra as pragas e enfermidades e impulsar a silvicultura como ferramenta básica preventiva para mellora do estado fitosanitario das masas forestais.
- A promoción de accións cara a un marco social cooperante coa xestión forestal sustentable que implique o recoñecemento da importancia do traballo dos propietarios e xestores forestais e a súa achega á conservación dos ecosistemas forestais.
- O control e certificación de sementes, materiais forestais de reprodución e producións forestais. Favorecer a produción de materiais forestais de reprodución de categorías superiores e nas cantidades necesarias para obter produtos de alta calidade.

Así mesmo, segundo o establecido no artigo 1.2 dos estatutos da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal), aprobados por Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a axencia e se aproban os seus estatutos, está adscrita á consellería da Xunta de Galicia competente en materia de agricultura; ten personalidade xurídica propia, patrimonio e tesouraría propios e autonomía na súa xestión nos termos establecidos polos seus estatutos e pola demais normativa vixente de aplicación.

No artigo 2 establécese que o seu obxecto é, entre outros, desenvolver as actividades de I+D+I nos sectores agrario, gandeiro e forestal, dentro do marco das competencias que a esta axencia lle atribúen os estatutos.

E dentro das súas funcións, enumeradas no artigo 11 dos seus estatutos, encóntrase a de programar a formación agraria, nos seus aspectos de ensinanzas regradas e non regradas, tanto das persoas agricultoras, gandeiras e silvicultoras como das súas asociacións e agrupacións, así como daquelas persoas que queiran acceder no futuro á titularidade ou xerencia de calquera explotación agraria ou forestal.

E a Xera integra dentro da súa estrutura o Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira (CIS-Madeira) como centro especializado nos diferentes usos deste ben natural e que, entre outras actividades, desenvolve asistencias técnicas, forma a profesionais no campo da construción e rehabilitación con madeira, e promove iniciativas de bioeconomía e deseño biofílico.





A Axenda de Impulso da Industria Forestal-Madeira (promovida pola Xera e desenvolvida en colaboración coa Universidade e as principais entidades e asociacións do sector) destaca que a madeira é renovable, sustentable e pódese utilizar, reutilizar e reciclar. Por iso, é unha materia prima clave para o modelo de transición de Europa cara a unha bioeconomía circular destinada a impulsar a competitividade global, fomentar o crecemento económico sustentable e a xeración de novos postos de traballo. Que entre as actuacións que prevé a Axenda de Impulso descríbese como prioritario afondar en "4.3.2 Novos desenvolvementos sobre madeiras de Galicia " (dentro da ruta de mellora 4, "Competitividade, desenvolvemento e diversificación") onde se establece o "impulso a novas transformacións e aplicacións da madeira de frondosas caducifolias".

A Consellería do Medio Rural é consciente da necesidade de desenvolver o sector primario sobre todo en zonas cun enorme potencial forestal e agrícola, cunhas novas oportunidades de creación de emprego e rendas a través da xestión activa dos soutos de castiñeiros. Sobre todo en zonas como esta desfavorecida, de alta montaña, cunha poboación envellecida, onde calquera axuda ou apoio para o desenvolvemento das potencialidades da zona é absolutamente prioritaria e de gran interese ecolóxico, social e económico.

Polo que as actuacións formuladas no anterior convenio asinado o 19 de xullo de 2022 precisan dunha continuidade, tanto pola entrada en vigor de nova lexislación que requiren dunha actualización nos traballos de boa gobernanza, como pola necesidade de persistir en liñas de traballo que mostraron uns bos resultados como son: a caracterización e localización dos soutos e masas de frondosas autóctonas, a vixilancia das doenzas do castiñeiro ou a formación específica aos produtores.

Neste sentido, o Centro de Desenvolvemento Agroforestal do Inorde, presenta unhas vantaxes obxectivas: por unha banda, está situado nunha área de montaña no que ten especial interese o cultivo do castiñeiro e, por outra, a súa actividade ten un gran arraigo no territorio o que facilita as distintas liñas de traballo necesarias para o impulso do cultivo dos soutos. E, ao tempo, conta cun persoal técnico especializado con anos de experiencia que permite asegurar a bondade dos resultados.

Por estas razóns, a achega económica desta consellería a través da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, da Agacal e da Xera ao abeiro do presente convenio teñen un carácter de interese público e económico que, xunto a que o Centro de Desenvolvemento Agroforestal é un centro único na zona dedicado á finalidade deste convenio considéranse razóns suficientes que xustifican a falta de concorrencia.

O presente convenio estará sometido á normativa autonómica en materia de subvencións, en especial aos artigos 19.4 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e os artigos 36 a 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





Así mesmo, cumprírase co previsto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Con base ao exposto, acordan a sinatura do convenio de acordo coas seguintes cláusulas:

Primeira.- Natureza

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese polas súas cláusulas. En todo o non sinalado estarase ao previsto na normativa autonómica en materia de subvencións, en especial aos artigos 19.4 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e os artigos 36 a 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, cumprírase co previsto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Segunda.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto instrumentar unha subvención directa ao Inorde para participar, xunto coa Consellería do Medio Rural a través da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, a Axencia Galega de Calidade Alimentaria (Agacal) e a Axencia Galega da Industria Forestal (Xera) nun Programa específico de identificación, vixilancia e promoción da xestión activa dos soutos tradicionais de castiñeiros e das masas de frondosas autóctonas, con especial fincapé na promoción de agrupacións de propietarios para a xestión conxunta sobre figuras de base asociativa, civil ou mercantil, e na loita contra as doenzas do castiñeiro e as frondosas autóctonas, a través da participación activa do Centro de Desenvolvemento Agroforestal do Inorde.

Terceira.- Programación de actuacións a desenvolver

As actuacións do programa ao que se refire a cláusula anterior que serán financiadas con cargo a este convenio son as seguintes:

A. Vixilancia e loita contra as doenzas do castiñeiro e de masas de frondosas autóctonas de especial interese.

A vitalidade dos soutos e a súa capacidade produtiva require dun bo estado fitosanitario. O Centro de Desenvolvemento Agroforestal do Inorde está a levar a cabo accións de loita contra as pragas e doenzas, coherentes e en liña coa actuación levada a cabo neste eido pola Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.

No caso da enfermidade do cancro do castiñeiro, o Centro porase en contacto con cooperativas e asociacións de produtores de castaña das provincias de Lugo e Ourense, co fin





de localizar cepas da enfermidade que aínda non estean a responder ao tratamento experimental que está a levar a cabo a Consellería do Medio Rural.

Con respecto ás actuacións de loita biolóxica, coas cepas hipovirulentas e co parasitoide *Torymus sinensis* que de maneira experimental realiza a Consellería do Medio Rural, así coma no control e seguimento doutras pragas (monitoreo de parcelas, seguimento visual, empacado con barro, trampas con feromonas e outras), o centro colaborará coa localización e o seguimento das actuacións de fincas que poidan participar na dispersión dos axentes da loita biolóxica.

O Centro recibirá avisos de posible danos conforme aos formularios e protocolos administrativos establecidos, procederá á súa transmisión á autoridade sanitaria, e contribuirá así mesmo a divulgar e dar publicidade as actuacións realizadas en colaboración coa Consellería de Medio Rural. En concreto, con respecto á praga da avesa do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*), o Centro coordinarase con cooperativas e asociacións de produtores das provincias de Lugo e Ourense, co fin de divulgar e dar publicidade ás soltas demostrativas que está a realizar a Consellería do Medio Rural do parasitoide *Torymus sinensis*.

Tamén desenvolverá accións de monitoreo de avaliación e seguimento das masas de castiñeiro, programadas a iniciativa propia do persoal técnico. O obxectivo é obter información de campo, detectar posibles problemas fitosanitarios e obter unha estimación da produción de froito, coa finalidade de anticiparse no deseño de actuacións preventivas. Estas accións realizaranse cooperando con distintos axentes do sector como a IXP, cooperativas e asociacións de produtores das provincias de Lugo e Ourense, e consistirán na visita a masas de castiñeiro, realización de enquisas de avaliación do estado fitosanitario da masa e de estimación da produción entre outros parámetros, que se completarán cunha valoración do persoal técnico do Centro de Desenvolvemento Agroforestal. Haberá tres períodos de toma de información: primavera-verán (época de floración), setembro e outubro-novembro (previo e durante a recollida da castaña).

Esta información trasladarase á Consellería do Medio Rural e, no seu caso, remitiranse mostras para a súa análise.

En canto a traballos da sanidade de frondosas autóctonas, será un centro de recepción de avisos de pragas e doenzas, dando traslado da información recibida á Consellería do Medio Rural, quen poderá solicitar ao centro a remisión de mostras para a súa análise.

B. Realización de accións formativas e informativas

O Centro de Desenvolvemento Agroforestal desenvolverá esta función realizando cursos e xornadas de formación e de información, que estarán dirixidas a catro colectivos:

1. Produtores agrarios en activo (con orientación comercial).
2. Persoas que pretendan iniciar unha actividade agraria, en especial persoas mozas. En ningún caso se terán en conta as persoas maiores de 65 anos.





3. Desempregados na busca dunha incorporación ao mercado laboral por conta allea en empresas do sector primario.
4. Propietarios de terreos que teñan intención de xestionar en conxunto a súa propiedade (colectivo válido só para as accións informativas)

Os cursos formativos terán unha finalidade eminentemente práctica e serán impartidos polo persoal técnico do centro, tanto no propio centro como en concellos de Galicia que as poidan demandar. Ademais, periodicamente realizaranse xornadas formativas sobre temas de especial interese coa participación de expertos na materia (conferencias ou seminarios temáticos).

A tipoloxía das accións formativas serán as seguintes:

- Cursos de formación e capacitación
- Talleres prácticos
- Conferencias
- Seminarios temáticos

Os cursos e talleres prácticos terán unha duración mínima de 8 e 4 horas lectivas respectivamente, sendo a duración máxima da xornada lectiva de 4 horas.

As xornadas formativas (conferencias e seminarios temáticos) terán unha duración mínima de 4 horas e máxima de 12 horas, sendo o máximo de duración por xornada de 6 horas. No caso de xornadas informativas (simposios) a duración será de 2 horas.

A oferta en conxunto deberá cubrir un mínimo de 100 horas por ano de actividades formativas e informativas das que 10 horas se destinarán a xornadas formativas, 6 horas a xornadas informativas, 36 horas a talleres prácticos e 48 horas a cursos de formación e capacitación

Os cursos deberán contar cun mínimo de 8 participantes con rexistro diario de asistencia e pertencentes a algún dos colectivos antes indicados.

As xornadas formativas deberán contar cun mínimo de 12 participantes con rexistro diario de asistencia e pertencentes a algún dos colectivos antes indicados.

Achegarase un modelo tanto de solicitude como de control de asistencia.

Necesariamente, os cursos e xornadas formativas deberán abordar os seguintes módulos formativos que terán como finalidade a prevención das doenzas específicas do castiñeiro de cara a unha produción integrada:

- Plantación e enxertos (localización, material vexetal, establecemento da plantación, protección e enxertos).
- Manexo da plantación (poda e condución da planta, fertilización, mantemento do solo e rego)





- Control de pragas e enfermidades. Manexo e control de malezas. Principios biodinámicos aplicados á prevención de enfermidades.
- Desde a colleita ata o almacenamento: proceso de colleita, transporte, envasado e almacenamento.
- Comercialización.
- Elementos de análise económica sobre a rendibilidade da produción

Para o cumprimento deste obxectivo deberá haber unha distribución equitativa das materias de formación indicadas.

Serán exixibles os seguintes talleres prácticos que necesariamente se realizarán no campo (salvo os que se indiquen expresamente):

- Establecemento da plantación e protección
- Instalacións do rego
- Cálculo das necesidades nutricionais e hídricas (non necesaria a súa impartición en campo)
- Poda
- Control das enfermidades e pragas

O custe máximo por hora subvencionado pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria será de 100 €, incluídos todos os custos asociados á actividade (docentes, outros gastos directos e gastos indirectos). Só se financiarán as horas efectivamente impartidas en cursos e xornadas que cumpran os mínimos esixidos, tanto en horas como en asistencia. Xustificaranse unicamente as actuacións que sexan factibles de realizarse sen prexuízo de que esta minoración afecten ao resto das actuación previstas no convenio.

A Memoria de programación prevista na cláusula cuarta deberá enumerar, codificar (FC+ano+P+Nº correlativo, exemplo: FC2023P01) e diferenciar entre cursos e xornadas, a súa tipoloxía, a localización prevista (provincia e concello e local de impartición), o número de horas de cada acción formativa e o módulo formativo á cal está orientado.

C. Boa gobernanza

O Centro de Desenvolvemento Agroforestal traballará nestas seguintes liñas:

- Fomentar a inclusión de soutos ou masas de frondosas autóctonas de interese no Rexistro de masas consolidadas de frondosas autóctonas, axudando a completar toda a documentación e compromisos necesarios para a súa inclusión no rexistro, incluído os trámites de audiencia e por tanto de difusión no proceso de inscrición e incluíndo o asesoramento na posta en marcha dos instrumentos de ordenación ou xestión forestal.





- Impulsar a xestión conxunta dos soutos e masas de frondosas, coa posta en marcha dos instrumentos recollidos na normativa de recuperación e mobilización da terra agraria, facilitando información e asesoramento ao persoal interesado e, de ser o caso, axudando a completar a información e compromisos necesarios para a súa inclusión no Rexistro de Agrupacións Forestais de Xestión Conxunta
- Identificar e cartografar os soutos tradicionais, tanto produtores como en situación de abandono, de superficie igual ou superior a 5 hectáreas nas provincias de Lugo e Ourense. A información, recollida en formato dixital, incorporárase a un SIX para dispor dunha información actualizada sobre as masas tradicionais de castiñeiro máis importantes en Galicia.
- Identificar e cartografar frondosas autóctonas de especial interese, a superficie mínima de identificación e cartografía fíxase en función de cada especie.
- Identificar, cartografar e propoñer para a súa avaliación árbores plus, rodais identificados, rodais selectos da especie *Castanea sativa* e outras frondosas autóctonas.

D. Organización de foro participativo

Organización cada un dos dous anos de vixencia do convenio (2023 e 2024) dun foro público participativo de experiencias e novidades relacionadas coa recuperación dos soutos tradicionais novas plantacións de carácter produtivo, ecolóxico ou recreativo, os procesos produtivos, etc. Os obxectivos son o fomento da participación colectiva, o intercambio de información e establecer canles de comunicación entre os axentes que interveñen na cadea de valor do castiñeiro. Inclúense os gastos derivados da loxística necesaria (posta a disposición/aluguer de medios, manutención, xestións administrativas, etc.).

E. Apoio ao Proxecto tecnolóxico para a valorización das masas de frondosas caducifolias

Apoiarase ao CIS Madeira no desenvolvemento do Proxecto tecnolóxico para a valorización en masas de *Quercus robur*, *Quercus pyrenaica*, *Castanea spp*, *Betula spp*. e/ou outras masas mixtas de frondosas caducifolias. Entre outras, apoiarase nas labores de:

- Selección de parcelas de experimentación.
- Realización de inventarios en monte, iniciais e de seguimento.
- Planificación dos traballos de corta, definición de tecnoloxía a empregar e sistema de traballo.
- Control dos rendementos de operación.
- Inventario final da masa e análise de danos.
- Clasificación por calidade dos produtos obtidos, para realización de probas de industrialización.





Cuarta.- Obrigas das partes

A.- Co fin de garantir a execución do obxecto do presente convenio, o Inorde obrígase a:

- Presentar, no prazo dun mes desde a data de sinatura do convenio, unha memoria de programación de obxectivos específicos e actuacións a realizar, que será aprobada mediante resolución conxunta do titular da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, da dirección da Axencia Galega de Calidade Alimentaria (Agacal) e da Axencia Galega de Industria Forestal (Xera).
- Levar a cabo, directamente ou en colaboración con outras entidades, as actuacións establecidas neste convenio debendo proceder, en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, de ser o caso, á contratación das colaboracións externas que se precisen para o seu desenvolvemento.
- Comunicar calquera variación das datas, horarios e localización fixados na memoria de programación de actividades docentes cunha antelación mínima de 7 días a través do modelo de comunicación de inicio facilitado.
- Presentar a documentación xustificativa da realización das actividades formativas e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.
- Presentar, en relación coas accións formativas:
 - As copias das solicitudes dos asistentes segundo o modelo facilitado que conterá os seguintes datos: código da acción formativa, nome completo, DNI, sexo, idade, perfil profesional e, de ser o caso, código da explotación. Acompañarase un cadro resumo dos datos dos solicitantes en formato táboa de cálculo. O arquivo da relación de solicitudes en formato PDF codificarase do seguinte xeito: (FC+ano+P+Nº correlativo+SOL, exemplo: FC2023P01_SOL). O arquivo do cadro resumo en formato táboa de cálculo codificarase do seguinte xeito: (FC+ano+P+Nº correlativo +SOL_Resumo, exemplo: FC2023P01_SOL_Resumo).
 - Parte de control diario de asistentes segundo modelo facilitado. O arquivo en formato PDF codificarase do seguinte xeito: (FC+ano+P+Nº correlativo+CTRL, exemplo: FC2023P01_CTRL).
 - Fotografías que identifiquen o número de asistentes e a publicidade do financiamento por parte da Consellería do Medio Rural. O arquivo da relación de fotos codificarase do seguinte xeito: (FC+ano+P+Nº correlativo+FOTO+Nº correlativo, exemplo: FC2023P01_FOTO_1).
 - Factura e xustificante do pago da contratación dos expertos nas materias.
- Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias e sociais e de calquera outra índole que se deriven da aplicación do ordenamento xurídico vixente.





- Facer figurar expresamente o financiamento da Consellería do Medio Rural como promotora do proxecto na totalidade das actuacións asociadas a este convenio.
- Facilitar a inspección e control da Consellería do Medio Rural co obxecto de supervisar o cumprimento das actividades previstas no convenio e que permitan a esta a xustificación financeira ante a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e o Tribunal de Contas, así como as comprobacións previstas na lexislación do Consello de Contas.

Doutra banda, o Inorde, previamente á sinatura do presente convenio, presentará:

- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración xurada na que conste o compromiso de cumprimento das obrigas contempladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo do disposto no Artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Autorización á Consellería do Medio Rural para solicitar as certificacións emitidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia, que acreditan que a entidade se encontra ao corrente das súas obrigas. A dita autorización estará en vigor durante a vixencia do presente convenio.

B.- A Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación forestal, a Axencia Galega de Calidade Alimentaria (Agacal) e a Axencia Galega de Industria Forestal (Xera), obríganse ao pagamento da subvención establecida, no importe que a cada unha lle corresponde en función das súas competencias.

Para tal efecto, a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal subvencionará as actuacións contidas nos apartados A, C, e D da cláusula terceira deste convenio, o Agacal subvencionará as actuacións establecidas no apartado B da súa cláusula terceira, a Xera subvencionará as actuacións contidas no apartado E da citada cláusula.

Quinta .- Gastos subvencionables

Os gastos obxecto de subvención son aqueles necesarios para a execución das actividades relacionadas no Anexo I. Poderán ser subvencionables os gastos necesarios para a execución das actividades en que se incorrera desde o día 01/01/2023.

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada. O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación,





agás que se acredite exención e, consecuentemente, non resulte recuperable para o beneficiario.

O Inorde poderá concertar con terceiros a execución total das actuacións obxecto deste convenio. Os contratistas quedarán obrigados soamente ante o Inorde, que asumirá toda a responsabilidade da execución da actividade subvencionada. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

Considérase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente do Inorde. O Inorde estará obrigado a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data de ingreso na conta bancaria dos beneficiarios/as de cada un dos abonos.

Porén, respecto dos pagamentos anticipados aos que se refire a cláusula novena considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado pola entidade local beneficiaria con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Sexta.- Dirección, medios humanos e materiais

1. Todo o persoal que participe ao abeiro deste convenio, desenvolvendo as accións descritas, dependerá tanto xurídica como organicamente do Inorde e, en ningún caso, terá vínculo laboral coa Xunta de Galicia. Polo tanto, o Inorde asumirá o pagamento dos salarios, a concesión de permisos, licencias, vacacións e, no seu caso, substitucións; imposición, cando proceda, de sancións disciplinarias e cantos efectos de Seguridade Social se deriven, en particular, o abono de cotizacións e o pagamento de prestacións e cantos outros dereitos e obrigas se deriven da relación contractual entre empregado e empregador.

2. O Inorde deberá cumprir coa normativa vixente de prevención de riscos laborais para a realización dos traballos aos que se refire o presente convenio, asumindo as responsabilidades derivadas do incumprimento das súas cláusulas.

Sétima.- Orzamento e obrigas da Consellería de Medio Rural, da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal), e da Axencia Galega de Industria Forestal (Xera)

A Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal (DXPOF), a Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal), a Axencia Galega de Industria Forestal (Xera) financiarán as accións do presente convenio, dentro das partidas dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, nas aplicacións e proxectos que figuran no seguinte cadro e cos importes máximos:





| ANO | ENTIDADE | APLICACIÓN | PROXECTO | IMPORTE |
|--------------|----------|------------------|------------|------------------|
| 2023 | DXPOF | 14.03.713B 760.0 | 2016 00208 | 60.500 € |
| | AGACAL | 14.A2.713D 760.0 | 2011 00765 | 10.000 € |
| | XERA | 14.A4.741A 760.0 | 2023 00002 | 20.000 € |
| 2024 | DXPOF | 14.03.713B 760.0 | 2016 00208 | 60.500 € |
| | AGACAL | 14.A2.713D 760.0 | 2011 00765 | 10.000 € |
| | XERA | 14.A4.741A 760.0 | 2023 00002 | 20.000 € |
| TOTAL | | | | 181.000 € |

O financiamento por parte da Consellería, de Agacal, e da Xera das actuacións obxecto do presente convenio será compatible con outras axudas establecidas por outra Administración Pública, organismo ou ente público ou privado, nacional ou internacional para o mesmo fin.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

As actuacións desagregadas preséntase no Anexo I.

Oitava .- Xustificación

O Inorde estará obrigado a xustificar, antes do 1 de decembro de cada ano, ante a Consellería do Medio Rural, o Agacal e a Xera o cumprimento da finalidade do convenio para ese ano, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola seguinte documentación:

- Certificación expedida pola Secretaría do Inorde, co visto e prace da presidencia, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1.º O cumprimento da finalidade da subvención. Presentar un informe coas actuacións realizadas e os obxectivos acadados, os gastos xerados, as facturas contabilizadas e, de existir, xustificacións dos pagamentos realizados ao persoal asignado ás actuacións descritas no clausulado do convenio.

2.º. En relación coas actividades formativas a xustificación farase por módulos horarios. Para tal fin, o Inorde deberá acreditar os cursos e xornadas realizadas, con identificación dos alumnos asistentes a cadanseu e o número de horas impartidas. Deberase demostrar a asistencia diaria dos docentes, alumnos e participantes cun





parte diario de sinaturas, de todos e cada un dos cursos e xornadas formativas, e unha reportaxe fotográfica de cada unha das actividades programadas, segundo o esixido na cláusula cuarta.

3.º Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables a cada unha das actuacións subvencionadas coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.

- Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, de ser o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia no punto anterior.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- De ser o caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4.º Documento sobre a distribución da totalidade dos gastos segundo as entidades financiadoras e por cada unha das actividades: Consellería do Medio Rural-Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal (A, C, e D da cláusula 3ª e Anexo I), Agacal (B da cláusula 3ª e Anexo I), e Xera (E da cláusula 3ª e Anexo I) que se achegará ante cada unha, respectivamente.

Novena.- Pagamento

O convenio subvencionarase con cargo as partida orzamentarias

- 14 03 713B 760.0, código de proxecto 2016 00208, da Consellería de Medio Rural por un importe total de 60.500 € para cada un dos anos 2023 e 2024.
- 14.A2.713D 760.0 de Agacal, código de proxecto e 2011 00765, por un importe total de 10.000 € para cada un dos anos 2023 e 2024
- 14.A4.7410 760.0 de Xera, código de proxecto e 2023 00002, por un importe total de 20.000 € para cada un dos anos 2023 e 2024.

A distribución dos importes e aplicacións orzamentarias é a seguinte:





| ENTIDADE | APLICACIÓN ORZAMENTARIA | ANO 2023 | ANO 2024 | TOTAL |
|-----------------------------------|-------------------------|-----------------|-----------------|------------------|
| Consellería do Medio Rural -DXPOF | 14.03.713B.760.0 | 60.500 € | 60.500 € | 121.000 € |
| Agacal | 14.A2.713D 760.0 | 10.000 € | 10.000 € | 20.000 € |
| Xera | 14.A4.741A 760.0 | 20.000 € | 20.000 € | 40.000 € |
| TOTAL | | 90.500 € | 90.500 € | 181.000 € |

Realizaranse dous pagamentos por parte de cada entidade por anualidade. O primeiro será un anticipo do 70% de cada anualidade de acordo ao establecido no artigo 63.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e unha vez aprobada a programación anual de actividades presentada polo Inorde.

Os pagamentos destes anticipos xustifícanse porque resultan indispensables para asumir os gastos en materiais e de persoal necesarios para a execución dos traballos a realizar con cargo a este convenio.

O segundo pagamento, do outro 30% da anualidade, levarase a cabo unha vez que o Inorde presente, antes do 1 de decembro de cada ano, o informe anual de actividades e xustificación dos gastos, que deberán ser certificados pola Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, a Axencia Galega de Calidade Alimentaria (Agacal) e a Axencia Galega de Industria Forestal (Xera).

De conformidade co establecido no artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia o Inorde está exento da constitución de garantías.

Décima.- Modificación da concesión

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio polo que se regula a presente subvención.

2. Cando por circunstancias técnicas sexa imprescindible variar o contido específico dos investimentos ou os prazos recollidos no presente convenio, a persoa titular da Consellería do Medio Rural poderá acordar a modificación do convenio a instancia do beneficiario sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro do obxecto deste convenio.
- Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros/as.
- Que os novos elementos e as circunstancias que motiven a modificación, de teren concorrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda ou subvención.





3. O beneficiario deberá solicitar esta modificación mediante instancia dirixida á persoa titular da Consellería do Medio Rural, xunto coa documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos reflectidos no punto anterior. De non facelo poderá implicar a perda da subvención afectada pola modificación e, no caso de que esta implique unha variación substancial do proxecto inicial, a perda total da subvención concedida.

4. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado pola persoa titular da Consellería do Medio Rural, logo da instrución do correspondente expediente ao cal se lle dará audiencia ao interesado nos termos previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo primeira.- Minoración da subvención

Procederá a minoración da subvención concedida cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro do presente convenio teñan un custo inferior ao importe máximo establecido no anexo I, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto. Producirase a perda do dereito ao cobramento parcial polo importe de minoración da subvención.

Décimo segunda.- Reintegro

Procederá o reintegro parcial ou total dos fondos percibidos no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión nos termos previstos no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, os criterios de gradacións dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar serán os seguintes:

- O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables, ou da obriga de xustificación, dará lugar á perda do dereito ao cobro, ou no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.
- Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización do investimento subvencionable ou da obriga de xustificación e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificada.
- A realización de modificacións non autorizadas no orzamento subvencionable, suporá a perda do dereito ao cobro.

Terán a consideración de infraccións leves as establecidas no artigo 54 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que poderá dar lugar ás sancións pecuniarias establecidas no artigo 59 da devandita Lei 9/2007.

As infraccións graves e moi graves en materia de subvencións, recollidas nos artigos 55 e 56 respectivamente da Lei 9/2007, poderán dar lugar ás sancións previstas no artigo 60 e 61 respectivamente.





Décimo terceira .- Comisión de seguimento

Co fin de velar pola execución do presente convenio, crearase unha Comisión de Seguimento composta por 8 persoas, dúas persoas por cada entidade que participa no presente convenio, nomeadamente:

- Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.
- Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal).
- Axencia Galega da Industria Forestal (Xera)
- Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (Inorde)

Estará presidida polo titular da Axencia Galega de Calidade Alimentaria (Agacal) ou representante en quen delegue. Son funcións desta comisión de seguimento:

- a. Velar polo cumprimento do convenio.
- b. Propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- c. Propoñer a aprobación do programa de actuacións.

Esta comisión reunirse inmediatamente para a resolución de calquera incidencia relacionada co convenio, e ademais realizará as funcións que lle atribúen as demais cláusulas deste convenio.

Décimo cuarta.- Transparencia

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia coa da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e o Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto do convenio e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

Décimo quinta.- Resolución





O presente convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan ou polo transcurso do tempo estipulado sen que se realicen os investimentos.

Así mesmo, poderase resolver por denuncia unilateral de calquera das partes previa comunicación á outra parte cun mes de antelación.

Décimo sexta .- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a Consellería de Medio Rural, nin entre os ditos profesionais e a Axencia Galega da Calidade Alimentaria ou a Axencia Galega de Industria Forestal.

Décimo sétima .- Xurisdición competente

De conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, a xurisdición contencioso-administrativa será competente para entender os litixios que puideran xurdir na interpretación e cumprimento do presente convenio, que non puideran ser resoltas polas partes.

Décimo oitava .- Vixencia

O presente convenio producirá efectos dende a súa sinatura ata o 31 do decembro de 2024. Sen prexuízo de que serán subvencionables os gastos necesarios para a execución das actividades que nel se recollen en que se incorrera dende do 01/01/2023.

Décimo novena .- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

Os datos de carácter persoal aos que teña acceso en virtude deste convenio serán tratados por ambas as dúas partes asinantes coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da súa xestión.

O tratamento dos datos baséase no exercizo de poderes públicos de conformidade coa normativa recollida nas cláusulas do convenio e as referencias recollidas na páxina <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Estas poderán solicitar o acceso á rectificación e supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou de xeito presencial, nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora





do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Así mesmo, en aplicación deste convenio, respectaranse cantas esixencias están dispostas na Lei 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e a integridade dos datos e a súa protección fronte alteracións, a perdas, a tratamentos ou accesos non autorizados.

E, en proba de conformidade, asíñase dixitalmente o presente convenio.

O presidente do Inorde

Rosendo Luis Fernández Fernández

O presidente da Axencia Galega da Calidade Alimentaria

P. D. (Resolución do 24 de abril de 2013, DOG núm. 85, do 03/05/2013)

O director de Agacal

José Luis Cabarcos Corral

O conselleiro do Medio Rural

P. D. (Orde do 17/11/2015, DOG núm. 223, do 23/11/2015)

O director xeral de Planificación e Ordenación Forestal

José Luis Chan Rodríguez

O presidente da Axencia Galega de Industria Forestal e Conselleiro do Medio Rural

José González Vázquez





Anexo I.- Actuacións obxecto de subvención e importes máximos de axuda

Actuacións:

- A. Vixilancia e loita contra as doenzas do castiñeiro e de masas de frondosas autóctonas de especial interese.
- B. Realización de accións formativas.
- C. Boa gobernanza.
- D. Foro participativo
- E. Apoio ao Proxecto tecnolóxico para a valorización das masas de frondosas caducifolias





ANO 2023

| Actuacións | Unidades | Número | Importe unitario | Importe máximo |
|---|---|----------|--|-----------------|
| A. Vixilancia e loita | Localización/detección e seguimento das actuacións | 50 | 320 €/actuación | 16.000 € |
| B. Accións formativas | Cursos de formación e capacitación (mínimo 8 horas/curso) | 48 horas | 100 €/hora | 10.000 € |
| | Talleres prácticos (mínimo 4 horas/taller) | 36 horas | | |
| | Xornadas formativas: conferencias e seminarios temáticos (mínimo 4 horas e máximo 12 horas/conferencia ou seminario) | 10 horas | | |
| | Xornadas informativas: simposios (2 horas/simposio) | 6 horas | | |
| C. Boa gobernanza | Actuacións para a regularización de agrupacións para a súa constitución, masa para incluír no rexistro ou soto tradicional cartografado, ou unidade de admisión proposta. | 16 | 600 € por agrupación ou masa de menos de 30 parcelas catastrais, e/ou unha dedicación de hasta 25 horas | 33.600 € |
| | | 24 | 1.000€ por agrupación ou masa de 30 ou máis parcelas catastrais, e/ou unha dedicación de mais de 25 horas de técnico | |
| D. Organización foro participativo | Realización de foro | 1 | 10.900 € | 10.900 € |
| E. Apoio ao proxecto tecnolóxico de frondosas | Selección de parcelas e inventarios (primeiro ano: iniciais-seguimento) | 5 | 2.250 € por parcela | 11.250 € |
| | Planificación de traballos, seguimento e rendementos | 1 | 6.250 € por planificación previa | 6.250 € |
| | Clasificación por calidade dos produtos para industrialización | 1 | 2.500 € por clasificación inicial de produtos | 2.500 € |
| TOTAL 2023 | | | | 90.500 € |





ANO 2024

| Actuacións | Unidades | Número | Importe unitario | Importe máximo |
|---|---|----------|--|-----------------|
| A. Vixilancia e loita | Localización/detección e seguimento das actuacións | 50 | 320 €/actuación | 16.000 € |
| B. Accións formativas | Cursos de formación e capacitación (mínimo 8 horas/curso) | 48 horas | 100 €/hora | 10.000 € |
| | Talleres prácticos (mínimo 4 horas/taller) | 36 horas | | |
| | Xornadas formativas: conferencias e seminarios temáticos (mínimo 4 horas e máximo 12 horas/conferencia ou seminario) | 10 horas | | |
| | Xornadas informativas: simposios (2 horas/simposio) | 6 horas | | |
| C. Boa gobernanza | Actuacións para a regularización de agrupacións para a súa constitución, masa para incluír no rexistro ou soto tradicional cartografado, ou unidade de admisión proposta. | 16 | 600 € por agrupación ou masa de menos de 30 parcelas catastrais, e/ou unha dedicación de hasta 25 horas | 33.600 € |
| | | 24 | 1.000€ por agrupación ou masa de 30 ou máis parcelas catastrais, e/ou unha dedicación de mais de 25 horas de técnico | |
| D. Organización foro participativo | Realización de foro | 1 | 10.900 € | 10.900 € |
| E. Apoio ao proxecto tecnolóxico de frondosas | Selección de parcelas e inventarios (segundo ano) | 5 | 2.250 € por parcela | 11.250 € |
| | Planificación de traballos, seguimento e rendementos | 1 | 6.250 € por planificación previa | 6.250 € |
| | Clasificación por calidade dos produtos para industrialización | 1 | 2.500 € por clasificación inicial de produtos | 2.500 € |
| TOTAL 2024 | | | | 90.500 € |

